

**PROGRAMA-CALENDARIO**

CURSO

**AGUZAR O OÍDO (II)**

**23 músicas que cambiaron a escoita**

9 outubro 2014 – 23 abril 2015

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo, e Vertixe Sonora

Colaboran: Casa da Música do Porto

Lugar: salón de actos

Horario: xoves, de 20.00 a 21.00

Docente: Emilio Lede Abal e integrantes de Vertixe Sonora Ensemble, coa colaboración de relatores convidados nalgunhas das sesións

PRAZAS LIMITADAS. INSCRIPCIÓN E MATRÍCULA a partir do 9 de setembro

Co curso 'AGUZAR O OÍDO II. 23 músicas que cambiaron a escoita', o MARCO dá continuidade a unha proposta de divulgación de música contemporánea e arte sonora que tivo unha excelente acollida na súa primeira edición. Deseñado como unha serie de sesións independentes en torno a figuras esenciais da música dos séculos XX e XXI, neste curso convidamos a oíntes non especializados e a melómanos irredentos a gozar da extraordinaria vitalidade da creación musical contemporánea a través de charlas minuciosas que combinan erudición e entretemento nunha linguaxe amena e accesible.

En cada sesión, dunha hora de duración, identifícanse as claves que transformaron as formas de escoita, as motivacións profundas que se agochan detrás de cada autor e as estratexias de percepción que nos permiten gozar e comprender as obras mestras do repertorio. Conectando a creación actual coa grande tradición musical occidental e non occidental e con outras disciplinas artísticas e literarias próximas ao gran público, cada sesión complétase con información complementaria que recolle bibliografía básica e audicións recomendadas.

Organizado por **Vertixe Sonora** e con Emilio Lede como relator principal, esta segunda edición conta coa colaboración da **Casa da Música do Porto**, e importantes especialistas convidados, co obxectivo de ofrecer unha visión panorámica desprexuízada e o máis comprensiva posible da creación musical.

"AGUZAR O OÍDO II" completárase con puntuais intervencións musicais a cargo dos solistas de Vertixe Sonora Ensemble, que permiten vivenciar experiencias de concertos de pequeno formato, e con actividades organizadas conxuntamente por Casa da Música do Porto e Vertixe Sonora na cidade do Porto.

## Prezo de matrícula:

- 130€ (desconto do 20% para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa credencial), coa posibilidade de pagamento fraccionado nos prazos e condicións sinalados na ficha de inscrición.
- Descontos especiais por inscrición en 2 e 3 cursos.
- O alumnado de Institutos de Educación Secundaria e Bacharelato de Galicia, dos Conservatorios Profesional e Superior de Música de Vigo, do Conservatorio Mayeuser e das Escolas de Música da cidade poderán asistir gratuitamente ás sesións, como oíntes e en función das prazas dispoñibles, presentándose no despacho de billetes do MARCO 15 minutos antes da hora de inicio de cada sesión (19.45), cun certificado de matrícula expedido polo seu centro de referencia.

NOTA: para este curso estanse a xestionar solicitudes de recoñecemento de 2 créditos de libre elección (Universidade de Vigo), e horas de formación permanente do profesorado (Xunta de Galicia).

---

## CALENDARIO E PROGRAMA

NOTA: durante a tempada 2014-15, por coincidir con festivos e outros eventos, non haberá curso os seguintes xoves: 6 e 27 de novembro, 25 de decembro, 1 e 8 de xaneiro, 2 de abril.

### BLOQUE 1 /sesións 1 a 6

#### Sesión 1 (xoves 9 outubro)

*Ismos na música e na arte*

Relator: **Emilio Lede**

#### Sesión 2 (xoves 16 outubro)

Formalismo e cubismo en Stravinsky

Relator: **Emilio Lede**

#### Sesión 3 (xoves 23 outubro)

A Casa da Música do Porto

Relatores convidados: **Baldur Brönnimann** (Director Principal Orquestra Sinfónica do Porto Casa da Música) e **Paco Yáñez** (crítico de *mundoclásico*)

#### Sesión 4 (xoves 30 outubro)

Rastrexando a Mahler: unha obsesión persistente

Relatores convidados: **Pablo Sánchez** (coeditor da web [www.gustavmahler.es](http://www.gustavmahler.es)) e **Paco Yáñez** (crítico de *mundoclásico*)



MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

## GALEGO

### Sesión 5 (xoves 13 novembro)

Luigi Nono: o espazo, o silencio, a escoita

Relator convidado: **Enrique Gavilán** (autor de *Otra historia del tiempo* e *Entre la historia y el mito. El tiempo en Wagner*)

### Sesión 6 (xoves 20 novembro)

A través do son: interacción de música, danza, teatro, artes plásticas e videocreación na música actual

Relatores convidados: **Roberto Casado** e **Jabi Alonso** (Espacio Sinkro, País Vasco)

## BLOQUE 2 /sesións 7 a 12

### Sesión 7 (xoves 4 decembro)

Música e cinema

Relator: **Emilio Lede**

### Sesión 8 (jueves 11 decembro)

Usos do *feedback* na música contemporánea

Relator convidado: **Stelious Manousakis** (músico experimental)

### Sesión 9 (jueves 18 decembro)

A propósito de Ablinger

Relator convidado: **Alberto Bernal** (artista sonoro)

### Sesión 10 (xoves 15 xaneiro)

A escoita do azar

Relatora convidada: **Carmen Pardo** (autora do libro *John Cage, la escucha oblicua*)

### Sesión 11 (xoves 22 xaneiro)

Breve historia da interpretación no século XX e comezos do XXI

Relator: **Emilio Lede**

### Sesión 12 (jueves 29 xaneiro)

Analizando a música de György Ligeti. Da *Musica ricercata* aos *Estudos* para piano

Relator: **Emilio Lede**

## BLOQUE 3 / sesións 13 a 23

### Sesión 13 (xoves 5 febreiro)

Un camiño innovador: o sinfonismo nórdico de Jean Sibelius

Relator convidado: **Óscar del Canto** (director e presentador de *Cuadernos de viaje* e *El canto de las sirenas* en Radio Clásica, RNE)

### Sesión 14 (xoves 12 febreiro)

Feliz 80º aniversario Dear Helmut: unha viaxe á obra de Lachenmann

Relator: **Emilio Lede**

## GALEGO

### Sesión 15 (xoves 19 febreiro)

Pintando sons con Morton Feldman

Relator convidado: **Pedro Mombiedro Sandoval** (autor do libro *En clave de red. La música del siglo XX*)

### Sesión 16 (xoves 26 febreiro)

Novas concepcións dun tempo non lineal: de Schubert ao minimalismo

Relator: **Emilio Lede**

### Sesión 17 (xoves 5 marzo)

Secuencias de Luciano Berio

Relator: **Emilio Lede**

### Sesión 18 (xoves 12 marzo)

De Debussy aos nosos días: breve historia da música francesa

Relator: **Emilio Lede**

### Sesión 19 (xoves 26 marzo)

Iannis Xenakis: arte e ciencia

Relator convidado: **Sergio Luque** (compositor)

### Sesión 20 (xoves 9 abril)

Encontros de danza e música contemporánea: perspectivas dende a creación coreográfica

Relatora convidada: **Raquel González** (coreógrafa)

### Sesión 21 (xoves 16 abril)

*Good vibrations*. Do sonoro na arte e nos museos

Relator convidado: **Xoan-Xil López** (colectivo escoitar)

### Sesión 22 (xoves 23 abril)

Ópera contemporánea

Relator convidado: **Jorge Fernández Guerra** (compositor)

### Sesión 23 (xoves 7 maio)

Músicas do Extremo Oriente

Relator: **Emilio Lede**

NOTA: este programa general puede sufrir variaciones en sus fechas y contenidos, en función de la disponibilidad de los ponentes y del propio desarrollo del curso.